



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO

Venres 27 de marzo de 2026

Sr. Alcalde-Presidente:

SANDRA INSUA RIAL

Sres. Concelleiros:

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

ROSA ANA BARBEIRA FANDIÑO

JESUS ROMAR CANOSA

FABIAN CANOSA PASANTES

SERGIO CAAMAÑO FERNANDEZ

BEGOÑA TAJES MENDEZ

GERMAN CAMIÑO MOUZO

ENCARNACION LIÑEIRO POUSO

GRUPO MIXTO - BNG

XURXO M. RODRIGUEZ BAÑA

GRUPO MUNICIPAL POPULAR

MANUEL MEJUTO RIOS

JUAN CARLOS AMADO SAMBADE

PAULA MOUZO MAS

Escusa súa asistencia

GRUPO MUNICIPAL POPULAR

MARTA MARIA MOUZO POSE

Secretaria:

EVA JARDÓN LÓPEZ.

Interventora:

M^aEMILIA GARCÍA MANEIRO

En Camariñas, sendo as 20:04 horas do venres 27 de marzo de 2026 e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa dona Sandra Insua Rial, e asistida da Secretaria da Corporación dona Eva Jardón López, os Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, e a interventora da Corporación, dona María Emilia García Maneiro, ao obxecto de celebrar **sesión Ordinaria** .

1 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, o Sra. Alcadesa-Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é o seguinte:

ORDE DO DIA

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 30 DE XANEIRO DE 2026.

2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DAS UNIDADES DE ENTERRAMENTO (NICHOS) DO CEMITERIO MUNICIPAL DE CAMARIÑAS.

3.- APROBACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE CAMARIÑAS PARA O EXERCICIO 2026.

4.- MOCIÓN DE URXENCIA.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBIERNO

5.- DECRETOS DE ALCALDÍA DO DECRETO Nº 78/2026, DE DATA 27 DE XANEIRO AO DECRETO 298/2026, DO 23 DE MARZO.

6.- DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2025.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

ORDE DO DIA

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 30 DE XANEIRO DE 2026.

Ningún dos concelleiros ten observacións polo que a acta enténdese APROBADA de conformidade co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo

2 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

**2º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONCESIÓN
DEMANIALDAS UNIDADES DE ENTERRAMENTO (NICHOS) DO CEMITERIO
MUNICIPAL DE CAMARIÑAS.**

Consta no expediente a seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA ACORDO

**ASUNTO.- CONCESIÓN DEMANIAL DAS UNIDADES DE ENTERRAMENTO
DO CEMITERIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE CAMARIÑAS**

EXPEDIENTE.- 2026/X999/000071

Dáse conta do expediente tramitado para a concesión demanial de dereitos funerarios sobre 100 unidades de enterramento (nichos, columbarios e mausoleos) construídos con anterioridade no Cemiterio Municipal de Camariñas, Estrada do Vilán s/n, 15123 (Camariñas), sobre a rasante do terreo para albergar exclusivamente cadáveres e restos cadavéricos ata a finalización do período da concesión que será de 75 anos.

Examinado e achado conforme o expediente de concesión tramitado para o efecto, no que constan entre outros documentos:

- Providencia de Alcaldía*
- Prego de condicións económico-administrativas.*
- Informes emitidos pola Secretaria e Interventora municipais*

Visto que de conformidade co disposto no artigo 25.2.k) LBRL “O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias(...) Cemiterios e actividades funerarias (...)”, pronunciándose en termos semellantes o artigo 80 LRALG, que engade no seu artigo 81.a) que “Os municipios, independentemente ou asociados, prestarán, como mínimo, os seguintes servizos: En todos os municipios (...) cemiterio”.

Visto o establecido na Disposición Adicional 2º LCSP que atribúe ao Pleno as

3 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

competencias como órgano de contratación cando o valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento, e en calquera caso a contía de seis millóns de euros ou cando a duración sexa superior a 4 anos e tendo en conta que a duración da concesión é de 75 anos, o órgano competente para a aprobación do expediente corresponde ao Pleno do Concello de Camariñas.

Considerando, á vista dos antecedentes anteriormente expostos e restante documentación/actuacións que obran no expediente, que se ten dado cumprimento ao preceptuado polo LCSP, PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO DE CAMARIÑAS, previo ditame de Comisión de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar, de conformidade co establecido no artigo 96 LPAP e nos artigos 115 e seguintes da LCSP o expediente para a concesión demanial de dereitos funerarios sobre 100 unidades de enterramento (nichos, columbarios e mausoleos) construídos con anterioridade no Cemiterio Municipal de Camariñas, Estrada do Vilán s/n, 15123 (Camariñas), sobre a rasante do terreo para albergar exclusivamente cadáveres e restos cadavéricos ata a finalización do período da concesión que será de 75 anos.

Segundo.- Aprobar e utilizar para a devandita concesión o prego de condicións económico-administrativas que rexerán as concesións administrativas dos nichos situados no cemiterio municipal de camariñas, levándose a cabo polo procedemento aberto e libre concorrència e que se incorporan como Anexo I ao presente acordo.

Terceiro.- Dispoñer, de conformidade co artigo 93.1 LPAP a apertura do procedemento de adxudicación, procedemento aberto en réxime de concorrència, á publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Camariñas, para que no prazo de 6 meses a contar dende o seguinte a data de publicación do anuncio, as persoas interesadas en participar no procedemento presentes as súas ofertas.

Cuarto.- De conformidade co previsto na disposición adicional 2ª da LCSP procédese á designación da Mesa de Contratación, a cal queda integrada polos seguintes membros:

Presidente:

D. Sergio Caamaño Fernández, Concelleiro do Concello.

Suplente do presidente:

Dª Sandra Insua Rial, Alcaldesa-Presidenta do Concello.

4 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

Vogais:

D^a Eva Jardón López, Secretaria da Corporación ou persoa que legalmente a substitúa.

D^a María Emilia García Maneiro, Interventora da Corporación ou persoa que legalmente a substitúa.

D^a Asunción Pérez Vilalta, arquitecta municipal.

Secretario:

D. Victorino Nión Carril, funcionario adscrito á Secretaría.

Suplente do secretario:

D^a Dolores Rey Bértola, funcionaria adscrita á Secretaría.

Quinto.- *Delegar na Alcaldía do Concello de Camariñas todas cantas cuestións e trámites deriven deste procedemento de concesión demanial.*

Asinado dixitalmente en Camariñas, na data da sinatura dixital que figura ao marxe, a Alcaldesa do Concello de Camariñas, dona Sandra Insua Rial.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

ANEXO I

PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN AS CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS DOS NICHOS SITUADOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE CAMARIÑAS, LEVÁNDOSE A CABO POLO PROCEDIMENTO ABERTO.

I.- O B X E C T O

O presente prego ten por obxecto regular o procedemento de concesión de dereitos funerarios sobre 100 unidades de enterramento (nichos, columbarios e mausoleos) construídos con anterioridade no Cemiterio Municipal de Camariñas, Estrada do Vilán s/n, 15123 (Camariñas), sobre a rasante do terreo para albergar exclusivamente cadáveres e restos cadavéricos ata a finalización do período da concesión.

A natureza xurídica do contrato que se perfeccione será a de concesión administrativa de dominio público, ó amparo do disposto nos artigos 84 e 93 da Lei 33/2003 de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas (en adiante LPAP) e do artigo 78 e seguintes do Real decreto 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante RBEL).

O número máximo de panteóns a construír é de 100, independentemente das solicitudes finais.

II.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación, sería o Pleno, en virtude das competencias establecidas na disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Concello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato de concesión e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpoñelo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este

6 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

respecto diten serán executivos, sen prexuízo do dereito do concesionario á súa impugnación ante a xurisdición competente.

III.-PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

As presentes concesións administrativas, de conformidade co artigo 93 da Lei 33/2003 de 03 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, de carácter básico, outorgaranse en réxime de concorrencia, mediante o procedemento aberto, de conformidade co establecido nos artigos 78 e 80 do Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, e rexeranse por:

- A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Concello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- O Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo R.D. 1098/2001, de 12 de outubro.

- A Lei 33/2003 de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (LPAP).

- O Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

- O Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo R.D. legislativo 781/86 de 18 de abril (TRRL).

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

- O presente Prego de Cláusulas Administrativas.

- O Regulamento Municipal do Cemiterio Municipal de Camariñas, aprobado polo Pleno do Concello de data 28 de maio de 2025 e publicado no BOP 160, de 25 de agosto de 2025.

- Ordenanza Fiscal nº 14 Reguladora da Taxa do Cemiterio Municipal de Camariñas, aprobada polo Pleno do Concello en data 28 de maio de 2025 e publicado no BOP 161, de 26 de agosto de 2025.

- Cantas disposicións de dereito público ou privado sexan de directa ou de supletoria aplicación.

A relación normativa antes citada non se establece baixo o principio de norma

7 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

aplicable preferentemente fronte ás demais, de contrario a aplicación preferente de calquera delas fronte ás demais réxense polos principios xerais de aplicación das normas.

IV.-DELIMITACION DO BEN OBXECTO DE CONCESIÓN

O ben obxecto das concesións administrativas, son as unidades de enterramento (nichos, columbarios e mausoleos) construídos con anterioridade no Cemiterio Municipal de Camariñas.

O cemiterio é un ben de servizo público tal e como sinala o artigo 4 RBEL e o artigo 265 LALGA, e polo tanto como sinala a citada normativa, é posible o uso privativo, que será o constituído por unha parte do dominio público de modo que limite o exclúa a utilización polos demais, se ben atopase suxeito a concesión administrativa como resulta dos artigos 78 RBEL.

Son instalacións do cemiterio municipal de Camariñas o conxunto de unidades de enterramento (nichos, columbarios e mausoleos) así como os elementos e edificacións accesorias (puntos de recollida de lixo, puntos de auga, baños, sala de autopsias, oficinas, capela e almacéns de usos varios).

Para efectos identificativos, denominarase:

Nicho: Unidade de enterramento construída en edificación.

Panteón: Conxunto de unidades de enterramento.

Mausoleo: Edificación onde se atopan diferentes unidades de enterramento.

Columbario: Unidade para depósito de urnas de cinzas resultantes da cremación ou para depósito de ósos.

Os nichos, panteóns e columbarios serán identificados con unha serie de números e letras, describindo así a súa ubicación. Os/as concesionarios/as quedan obrigados a aceptar o número que lles corresponda

V.-VIXENCIA

O prazo máximo da concesión será de setenta e cinco (75) anos, contados a partir da data de expedición do documento acreditativo da mesma ou “Título da concesión” e

8 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

independentemente del número de transmisións que se realicen durante este período.

Transcorrido o prazo da concesión os nichos reverteran ao Concello.

VI.- CANÓN DA CONCESIÓN E FORMA DE PAGO

O prezo ou canón da concesión ascende a mil cento sesenta euros con noventa e nove céntimos (1.160,99 €) cada nicho. Dito prezo permanecerá invariable ata a adxudicación de toda a promoción.

O antedito canón será abonado da seguinte forma:

Primeira entrega.- *O 20% do canón da concesión deberá ser satisfeito no momento da solicitude (232,20 €) , como depósito previo do importe do canon que se establece, procedendo á devolución do mesmo, si finalmente non se concede o dereito funerario solicitado. Xunto coa solicitude de participación no procedemento de adxudicación, deberá presentarse xustificante de ingreso do depósito, que se autoliquidará individualmente a través da oficina virtual tributaria do Concello de Camariñas (<https://ovtcamarinas.dacoruna.gal/ga/>) ou coa colaboración dos servizos municipais, efectuando os pagos nos lugares indicados na carta de pago que se emita.*

Segunda entrega.- *O 80% do canón da concesión (928,79 €) deberá ser satisfeito dentro dos sete días hábiles seguintes á notificación por parte do Concello da adxudicación do dereito funerario, e que terá lugar, en todo caso, unha vez finalizadas as obras de construción do cemiterio. Dito 80% do canón da concesión deberá satisfacerse mediante autoliquidación individual a través da oficina virtual tributaria do Concello de Camariñas (<https://ovtcamarinas.dacoruna.gal/ga/>) ou coa colaboración dos servizos municipais, efectuando os pagos nos lugares indicados na carta de pago que se emita.*

VII.-CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán optar á adxudicación do dereito funerario sobre nichos, panteóns e columbarios, exclusivamente ás persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Plena capacidade de obrar.*
- b) Non estar incursas en ningunha das circunstancias recollidas na lexislación*

9 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

contractual como prohibitivas para contratar co sector público.

c) Cumprir as limitacións e requisitos establecidos neste Regulamento e demais normativa que, se é o caso, resulten aplicables.

Consideraranse nulos e sen efecto ningún calquera acordo, disposición testamentaria, pacto ou contrato que sexa contrario ás disposicións do presente Regulamento.

En ningún caso poderá rexistrarse o dereito funerario a nome de persoas xurídicas nin de compañías de seguros, de previsión ou calquera outra similar que, exclusivamente como complemento doutros riscos, garantan aos seus afiliados o dereito a sepultura para o día do seu falecemento. As devanditas compañías unicamente poderán obrigarse a proporcionar ao asegurado o capital necesario para obtela.

VIII.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN, FORMALIDADES E DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes para participar presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Camariñas en horario 9 ás 14 horas, durante o prazo de 6 meses que comezarán a contar aos día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Así mesmo, poderá realizarse a presentación por correo, en cuxo caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar o mesmo día ó órgano de contratación, por fax, telefax ou telegrama, a misión da solicitude. Sen tales requisitos non será admitida a solicitude no caso no que se recibise fóra do prazo fixado no anuncio de licitación.

As solicitudes constaran dun sobre que expresará xunto co nome do licitador, enderezo e nº de teléfono e fax, a inscrición de “CONCESION DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE CAMARIÑAS”, será asinado polo propio licitador e conterá seguinte documentación:

- Documento ou documentos que acrediten a personalidade do interesado e a representación, se é o caso, do asignante da solicitude, consistentes en:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade do licitador cando se trate de

10 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

persoas físicas, ou de quen desempeñe a representación pública administrativa.

- Cando se actúe por representación, poder notarial acreditativa da representación.
 - Declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración.
 - Oferta, de conformidade co modelo anexo as presentes bases, con indicación do número de unidades de enterramento (nichos) solicitadas. O número de unidades de enterramento solicitadas por cada unidade familiar, entendendo por tal, aos efectos da presente licitación, aqueles que convivan nun mesmo domicilio segundo os datos do Padrón municipal do Concello de Camariñas non poderá ser superior a catro (4). Naqueles casos nos que a solicitude reflicta un número de unidades de enterramento superior ao límite antedito, entenderase que a mesma se refire a 4 unidades de enterramento (nichos).
 - Certificación de atoparse co corrente das obrigas tributarias.

IX.- SISTEMA DE ADJUDICACIÓN DO DEREITO FUNERARIO

A valoración das solicitudes para a adxudicación dos **dereitos funerarios sobre unha unidade de enterramento (nicho)** efectuarase atendendo aos seguintes criterios de adxudicación:

- Os dereitos funerarios no cemiterio municipal de Camariñas dos que sexa titular o interesado, así de non ter concedido ningún dereito funerario sumará cinco (5) puntos e aqueles que sexan titulares dun o mais dereitos funerarios non obterán puntuación algunha (0 puntos) neste apartado.
- O numero de familiares que convivan co solicitante, á vista do Padrón municipal de habitantes do Concello de Camariñas (máximo 5 puntos):
 - Na vivenda na que teña o seu domicilio habitual o solicitante so aparece empadroado el, un (1) punto.
 - Na vivenda na que teña o seu domicilio habitual aparece empadroado o solicitante e unha persoa, dous (2) puntos.
 - Na vivenda na que teña o seu domicilio habitual aparece empadroado o solicitante e dúas persoas, tres (3) puntos.

11 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

- Na vivenda na que teña o seu domicilio habitual aparece empadroado o solicitante e tres persoas, catro (4) puntos.
- Na vivenda na que teña o seu domicilio habitual aparece empadroado o solicitante e cinco persoas, cinco (5) puntos.
 - A idade dos solicitantes (máximo 5 puntos)
 - Entre 60 e 70 anos, tres (3) puntos.
 - Entre 70 e 80 anos, catro (4) puntos.
 - Mais de 80 anos, cinco (5) puntos.
 - A ocupación dunha unidade de enterramento (nicho) cuxo uso se atope reservado ao Concello para a atención de circunstancias especiais de enterramento por un familiar directo, dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade do solicitante, será valorada con cinco (5) puntos. A tal efecto se terán en conta os rexistros municipais e a documentación acreditativa desta circunstancias que o interesado achegue coa solicitude.

Unha vez aplicados os criterios anteriores, en caso de empate en puntos o mesmo resolverase atendendo á orde de presentación das solicitudes, a cuxo fin terase en conta o día, hora e minuto de presentación no Rexistro Xeral do Concello. No caso das solicitudes por correo, terase en conta a data, hora e minuto da imposición do selo no rexistro da oficina de correos, e no caso de non figurar hora e minuto de presentación se tenderan por presentadas as 23:59 horas do día que figure na imposición do selo.

Se o número de solicitudes fora maior que ao de unidades de enterramento, coas solicitudes atendidas, confeccionarase unha lista de espera para atender ás adxudicacións derivadas de posibles renuncias e as mesmas se terán en conta para o caso de proxectarse unha nova ampliación do cemiterio e abrirse un novo procedemento de adxudicación, sempre que o mesma teña lugar dentro dos cinco anos seguintes á finalización do actual procedemento.

X.- MESA DE CONTRATACIÓN.

Para a adxudicación das unidades de enterramento (nichos) ou agrupacións de unidades de enterramento (panteóns) se constituirá a Mesa de Contratación, designada pola Alcaldía, de conformidade co disposto na Disposición Adicional 2ª LCSP.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

XI.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL.

A apertura das solicitudes deberá efectuarse no prazo máximo dun mes contado desde a data de finalización do prazo para presentar as ofertas.

Concluído o citado prazo de presentación, a Mesa de Contratación procederá, en sesión non pública, á cualificación da documentación xeral, presentados polos licitadores, e se se observa defectos materiais na documentación presentada, notificarallo por correo electrónico ó licitador correspondente, deixando constancia da dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o subsane. Agora ben, se a documentación dun licitador tivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, non será admitido a licitación.

Unha vez correcta a documentación o órgano de contratación ou órgano en que este delegue, deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación deberá notificarse aos candidatos ou licitadores e será requiridos para a formalización do contrato.

XII.- ASIGNACIÓN DE UNIDADES DE ENTERRAMENTO.

Unha vez realizada a baremación das solicitudes conforme as disposicións do presente prego, y aos efectos de determinar a asignación nominal das unidades de enterramento levarase a cabo un sorteo público no salón de plenos do Concello de Camariñas.

A data e hora de celebración do sorteo será obxecto de publicidade no taboleiro de anuncios do Concello de Camariñas, concedéndose un prazo aos solicitantes para a formación de lotes de solicitudes ao obxecto de que a asignación de unidades de enterramento (nichos) de ditos lotes fágase de maneira correlativa.

Sacaranse a sorteo os 100 nichos correspondentes ao último bloque construído, a orde a seguir será de esquerda a dereita, de abaixo a arriba, e completando os panteóns, pola orde de extracción das solicitudes ou lotes de solicitudes formados. Cando un lote de solicitudes non caiba nun bloque, pasarase ó seguinte bloque, retrocedendo nas solicitudes posteriores ata completalo bloque anterior.

Nos casos dos lotes de solicitudes formados a partir das preferencias dos solicitantes, a adxudicación concreta dos nichos e panteóns deixase á vontade dos propios solicitantes, debendo manifestar nas dependencias municipais a división establecida no prazo de 30 días

13 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

hábiles a contar dende a data de celebración do sorteo. No caso de non chegar a un acordo, a orde de adxudicación será a de entrada da solicitude no rexistro, seguindo as mesmas regras que as fixadas para o sorteo.

XIII.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO E POSTA A DISPOSICIÓN DE BENS DEMANIAIS AO ADXUDICATARIO.

As concesións outorgadas formalizaranse en documento administrativo, dentro do prazo de quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación do acordo de adxudicación, dando fe o secretario (ou funcionario en quen delegue), e previa acreditación, entre outros, do pagamento do canon correspondente á segunda entrega o indicado na cláusula VI do presente prego.

O adxudicatario será titular dun dereito de uso do ben obxecto da concesión, una vez adxudicado e formalizado o contrato o Concello procederá a expedir o correspondente título da concesión a favor do adxudicatario.

O adxudicatario utilizará os bens de dominio público de conformidade co establecido no Regulamento do Cemiterio Municipal de Camariñas, cuxa aprobación definitiva foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, número 160 de 25 de agosto de 2025.

XIV.- DURACIÓN DA CONCESIÓN

As concesións administrativas demaniais de nichos, mausoleos, panteóns e columbarios terán unha duración máxima de 75 anos. A renovación da concesión deberá ser solicitada con un mes de antelación á data de finalización da concesión e levará consigo o pago das taxas actualizadas nese momento.

XV.-DESALOYO E ENTREGA Ó CONCELLO Á FIN DA CONCESIÓN.

Ó termo da concesión, ben sexa por cumprimento do prazo ou por calquera outra causa e no prazo máximo de quince días desde esa data ou a notificación da resolución municipal correspondente, o concesionario está obrigado a entregar ó Concello a unidade de enterramento obxecto da concesión en perfecto estado de conservación e libres de calquera carga ou gravame. O Concello, transcorrido o dito prazo poderá en todo caso acordar e

14 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

executar o lanzamento pola vía administrativa.

XVI.-EXTINCIÓN DA CONCESIÓN.

O dereito funerario extinguirase:

a) Por morte do/a titular do dereito funerario ou perda da capacidade de obrar, sen que a comunidade hereditaria regularice a situación administrativa nun prazo de 5 anos.

b) Falta de autorización previa do Concello, nos supostos de transmisión ou modificación.

c) Incurrir nalgunha das causas de prohibición previstas para contratar na lexislación de contratación do sector público.

d) Expiración do prazo da concesión, sen que esta fose renovada no prazo máximo de 5 anos. De non renovarse a concesión, requirirase á titularidade para que proceda ao traslado dos restos aos osarios ou columbarios especiais ou outros lugares que permita a lexislación sectorial.

e) Rescate da concesión, tras a indemnización previa.

f) Por renuncia expresa dos titulares do dereito, tras a aceptación previa do Concello. A renuncia non dará dereito en ningún caso á devolución total ou parcial do canon satisfeito ou calquera outro tributo ou gasto satisfeito en razón á titularidade do dito dereito ao que se renuncia e non implicará a extinción das obrigas tributarias xeradas con anterioridade, así como de calquera outra clase de obriga recollida neste Regulamento.

g) Por sanción por incumprimento moi grave das obrigas do titular do dereito, de conformidade co disposto no título cuarto do presente Regulamento.

h) Desaparición do ben ou esgotamento do aproveitamento, ao que se asimilará a declaración de ruína.

i) Por abandono da unidade de enterramento. Para todas as concesións de unidades de enterramento, transcorrido un ano ou, se é o caso, o tempo que reste de concesión, desde o enterramento ou falecemento do titular do dereito funerario sen que os beneficiarios favorecidos ou herdeiros insten a transmisión do dereito, o Concello incoará e resolverá o expediente de extinción do dereito funerario. Cando iniciado este expediente se solicite a dita transmisión, cursaráselle ao/á petionario/a, co correspondente aboamento dos dereitos económicos que no seu caso se establezan. Para iso o Concello publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, na páxina web, no Boletín Oficial da Provincia, a

15 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

apertura dun prazo de seis meses para que quen se considere con dereito poida exercer o seu dereito de transmisión da titularidade. Se no dito prazo, contado a partir da última publicación, non se formulase solicitude por ningún, extinguirase a concesión, tras a resolución previa da Alcaldía neste sentido.

k) Calquera outra causa prevista nas condicións xerais ou particulares polas que se rexa a concesión, e demais previstas pola normativa aplicable.

XVII.- INTERPRETACIÓN.

O Concello ten a facultade de interpretar as condicións establecidas no prego resolvendo as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

XVIII.- NORMATIVA APLICABLE

A concesión sobre as unidades de enterramento rexerá polas disposicións contidas neste prego, polas disposicións contidas no Regulamento do Cemiterio Municipal de Camariñas, cuxa aprobación definitiva foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, número 160 de 25 de agosto de 2025 e na Ordenanza fiscal nº 14 Reguladora da Taxa do Cemiterio Municipal cuxa aprobación definitiva foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, número 161 de 26 de agosto de 2025 e pola normativa que sexa de aplicación en cada momento

XIX.- XURISDICCIÓN COMPETENTE.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato resolveráos o órgano de Contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra eles terá lugar o recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola lei reguladora da dita xurisdición, despois da interposición previa, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados consideren procedente.

Asinado dixitalmente en Camariñas, na data da sinatura dixital que figura ao marxe, a Alcaldesa do Concello, dona Sandra Insua Rial.

16 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

ANEXO I

SEÑORA ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS

SOLICITANTE (*)

Don/dona _____ DNI ou CIF _____ con
teléfono _____ con domicilio a efectos de notificación
en _____ e correo electrónico aos
mesmos efectos _____.

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Solicito a práctica de notificacións por medios electrónicos.

Aviso de notificación en _____ (teléfono móbil) e/ou
_____ (correo electrónico)

Recibirá un aviso por correo electrónico e/ou ao teléfono móbil sobre a posta a disposición da notificación na Carpeta Cidadá. Para acceder a esta será necesario dispor **usuario/a e contrasinal** ou **certificado electrónico**.

As persoas físicas non obrigadas recibirán as notificacións por correo postal, salvo que elixan a notificación electrónica como medio preferente (art. 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo comúns das administracións públicas).

SOLICITO a concesión administrativa por un prazo de 75 anos no Cemiterio Municipal de Camariñas, Estrada do Vilán s/n, 15123 (Camariñas), de _____ (***) unidades de enterramento (nichos).

De conformidade co art. 28.2 da mencionada Lei 39/2015, esta administración poderá consultar ou recadar os datos ou documentos necesarios para a tramitación da súa solicitude, salvo que manifeste a súa oposición a esta consulta no seguinte recadro, no que deberá achegar vostede a documentación:

Non autorizo o acceso

(*) Estes datos incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Camariñas e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo, L. O. 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposición de aplicación. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Camariñas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación,

17 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, perante o órgano responsable do ficheiro.

*(**) Completar co número de unidades de enterramento (nichos) que se solicitan e que non poderá exceder de 4.*

Camariñas, a _____.

Sinatura”.

A Alcaldesa explica que se inicia o procedemento para a adxudicación de concesións administrativas sobre os nichos de titularidade municipal de nova construción. Será unha concesión demanial (uso privativo dun ben de dominio público). Establécese un período de concesión de 75 anos. O canon será de 1.160,99€ por nicho e pagarase un 20% ca solicitude e o resto despois da adxudicación. O prazo abrirase o día seguinte á publicación do anuncio no BOP. A adxudicación será mediante concorrencia, seguindo a orde de prioridade establecida nos criterios de baremación (se non tes nichos, segundo o número de familiares que convivan co solicitante, a idade dos solicitantes e a ocupación actual dalgún nicho reservado ao concello. Unha vez baremado a asignación dos nichos farase por sorteo.

Dona Paula pregunta cando teñen previsto que comecen e finalicen as obras. Dona Sandra contesta que unha vez que entre o vigor o orzamento iniciárase a licitación, e posiblemente publicaran no BOP unha vez que se adxudique a obra, para que as persoas comecen a solicitar.

A Alcaldesa explica os criterios de baremación utilizados, e don Xurxo pregunta se dáse prioridade a ser maior, e a Alcaldesa contesta que si.

Non habendo mais debate, procédease á votación co seguinte resultado:

Votación

Votos a favor: 12

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG

18 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade.

Estado: Aprobada.

3.- APROBACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE CAMARIÑAS PARA O EXERCICIO 2026.

**3º.- APROBACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE CAMARIÑAS
PARA O EXERCICIO 2026.**

Consta no expediente o ditame que a continuación se transcribe:

“PROPOSTA DE ACORDO

Visto o proxecto de orzamento Xeral para o exercicio 2026.

Vista a estrutura orzamentaria aprobada na orde EHA/3565/2008 de 3 de decembro pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, que no estado de ingresos recóllense previsións razoables dos ingresos que se prevén liquidar, e no estado de gastos, os créditos necesarios para atender as obrigas esixibles a Corporación, que se forma o orzamento con toda a documentación prevista na lexislación vixente e que o mesmo atópase equilibrado cumprindo así co disposto no artigo 165 do TRLFL (Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo).

De conformidade cos artigos 168.4 e 5 do TRLFL e 90 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte

DITAME:

19 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello, que ascende cos seguintes resúmenes:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA - INGRESOS	
TOTAL ORZAMENTO	IMPORTE
<i>Total capítulo 1</i> IMPOSTOS DIRECTOS	1.821.068,17 €
<i>Total capítulo 2</i> IMPOSTOS INDIRECTOS	55.000,00 €
<i>Total capítulo 3</i> TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	1.118.500,00 €
<i>Total capítulo 4</i> TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.247.710,02 €
<i>Total capítulo 5</i> INGRESOS PATRIMONIAIS	7.000,00 €
<i>Total capítulo 7</i> TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	390.683,52 €
TOTAL	6.639.961,71 €

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA - GASTOS	
TOTAL ORZAMENTO	IMPORTE
<i>Total capítulo 1</i> GASTOS DE PERSOAL	2.261.094,22 €
<i>Total capítulo 2</i> GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	3.354.402,14 €
<i>Total capítulo 3</i> GASTOS FINANCEIROS	42.707,84 €
<i>Total capítulo 4</i> TRANSFERENCIAS CORRENTES	109.775,23 €
<i>Total capítulo 5</i> FONDO DE CONTINGENCIA	65.119,55 €
<i>Total capítulo 6</i> INVERSIONS REAIS	720.564,28 €
<i>Total capítulo 7</i> TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.000,00 €
<i>Total capítulo 9</i> PASIVOS FINANCEIROS	85.298,45 €
TOTAL	6.639.961,71 €

CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS - GASTOS	
TOTAL ORZAMENTO	IMPORTE
<i>Área de gasto 1</i> SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS	2.826,3

20 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

		43,20 €
	<i>ACTUACIONES DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN</i>	1.180.
Área de gasto 2	SOCIAL	069,08 €
	<i>PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE</i>	1.037.4
Área de gasto 3	CARÁCTER PREFERENTE	20,21 €
		341.536
Área de gasto 4	ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO	,73 €
		1.126.5
Área de gasto 9	ACTUACIONES DE CARÁCTER XERAL	86,20 €
		128.006
Área de gasto 0	DEUDA PÚBLICA	,29 €
		6.639.9
	TOTAL	61,71 €

SEGUNDO.- Declarar non dispoñible o créditos orzamentarios nas aplicacións que se relacionan a continuación, supeditado a confirmación das novas liquidacións da participación de tributos do Estado. No momento que se reciba confirmación/ou ingreso efectivo do importe da participación por encima da contía de 1.467.317,36 €, poderase proceder a liberar o crédito por ditas cuantías, sen necesidade de novo acordo plenario. As aplicacións que se ven afectadas por dita non dispoñibilidade son as seguintes:

- o 132/12003: 12.364,40 €
- o 132/12100: 8.289,54 €
- o 132/12101: 14.242,76 €
- o 1532/13000: 9.604,98 €
- o 1532/13002: 8.582,84 €
- o 1532/16000: 7.093,25 €
- o 231/13000: 9.604,98 €
- o 231/13002: 6.789,16 €
- o 231/16000: 5.574,01 €
- o 1622/22700: 54.000 €
- o 160/21300: 11.360,95 €

21 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

TERCEIRO.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio polo que se expoña ao publico o expediente e acordo adoptado, facendo constar que por prazo de quince días hábiles os interesados indicados no artigo 22.1 do RD 500/90 do 20 de abril, poderán examinalo e formular as reclamacións as que se refire o apartado 2 do artigo citado.

CUARTO.- O orzamento xeral considerarase definitivamente aprobado se durante o período de exposición ao publico non se presentaran reclamacións, entrando en vigor previa inserción no Boletín Oficial da Provincia dun resumo por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

QUINTO.- Do orzamento definitivamente aprobado remitirase copia aos órganos competentes do Estado e da Xunta de Galicia.

SEXTO.- Aprobar a masa salarial do persoal laboral ó servizo deste Concello para o ano 2026, que ascende a 912.834,57 €. Como consecuencia da aprobación, dar traslado do acordo adoptado no Pleno ós departamentos afectados e publicalo no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal, ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 103.bis da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

En Camariñas, A Alcaldesa

Asdo: Sandra Insua Rial.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE”

A Alcaldesa explica que procedemos á análise do Proxecto de Orzamento Municipal para o exercicio 2026. Este orzamento preséntase nunha situación de equilibrio orzamentario, cunha contía total, tanto en ingresos como en gastos, de case 6,7 millóns de euros.

Este documento foi elaborado seguindo as liñas estratéxicas do equipo de goberno, priorizando a calidade dos servizos públicos básicos e o benestar social.

A previsión de ingresos baséase fundamentalmente na liquidación do exercicio anterior

22 / 29

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

(2025), aplicando criterios de prudencia. Os capítulos máis significativos son:

Capítulo 1 (Impostos Directos): 1.8 millóns de €.

Capítulo 3 (Taxas e Prezos Públicos): 1.1 millóns de euros €.

Capítulo 4 (Transferencias Correntes): É a partida máis voluminosa con 3.2 millóns de €, destacando cun 72 % a Participación nos Tributos do Estado e a Deputación e cun 26% as achegas da Comunidade Autónoma (Fondo de Cooperación Local e convenios de Servizos Sociais).

Capítulo 7 (Transferencias de Capital): 390.683,52 €, destinados a financiar investimentos.

O orzamento de gastos está deseñado para garantir o funcionamento operativo do Concello e reforzar as áreas que máis afectan á veciñanza, destaca o esforzo económico no Servizo de Axuda no Fogar (SAF), un pilar fundamental para garantir que os nosos maiores e persoas dependentes reciban atención digna nas súas casas; mantemento das subvencións e o apoio firme a asociacións, clubs deportivos e comisións de festas. Eles son o motor que dinamiza a nosa economía local e mantén vivas as nosas tradicións; reforzan a marca Camariñas con eventos estratéxicos como a Mostra do Encaixe.

Respecto do gasto de Persoal (Capítulo 1): Ascende a case 2,7 millóns de euros.

Gastos en Bens Correntes e Servizos (Capítulo 2): Cun total de 3.2 millóns de euros para o mantemento de servizos.

Polo que respecta ao anexo de investimentos di que prevé actuacións fundamentais para a mellora das infraestruturas parroquiais e núcleos urbanos:

Humanización: Destaca a obra nas rúas Alcalde Noguera Patiño e Médico Tomás de Artaza.

Mellora de infraestruturas: Actuacións de varios pavimentos en Xaviña, mellora da Cámara Agraria na Ponte do Porto que se suman ao proxecto de mellora da Casa do Mar de Camelle aprobada no POS complementario.

Patrimonio e Cultura: Aportacións municipais para o Museo dos Naufraxios (100.000 €) e a compra do Castelo do soberano e terreos na praia de Arou.

O orzamento cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria. En canto á débeda, o plan prevé a amortización de varios préstamos coa Deputación (PAI e POS) e a liquidación final do préstamo con Abanca, estimando unha carga financeira en pasivos de 85.298,45 € para este exercicio.

E conclúe dicindo que o orzamento conta cos informes favorables de Secretaría e

23 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

Intervención, que avalan o cumprimento dos requisitos formais e a suficiencia de crédito para as obrigas previstas. En definitiva, é un orzamento realista que permite seguir transformando Camariñas sen comprometer a estabilidade das contas públicas.

Dona Paula pregunta pola compra do Castelo do Soberano, e dona Sandra di que si esta incluído no orzamento e dona Paula pregunta que teñen previsto facer no castelo, a Alcaldesa contesta que en principio compralo e despois miraran se hai algunha subvención e falan dos proxectos posibles.

Dona Paula di que no que respecta ao orzamento na súa opinión teñen os mesmos defectos que o anterior, son pouco ambiciosos, e falta un proxecto que reactive a economía do Concello e que incentive e atraia a iniciativa empresarial, e di que se fai caso omiso dos informes de intervención, se segue abusando do contrato menor e sen licitar os contratos, e iso é o mínimo para unha administración eficiente, e di que presumen de boa xestión coa débeda que teñen e de período medio de pago e acabase de aprobar o pago de 171 facturas recibidas no Concello entre marzo e decembro, as parroquias están abandonadas e o pobo esta morto, todo é Mostra de Encaixe e hai moito mais.

Don Xurxo di que o orzamento é continuista e que hai problemas que non se afrontan, investimentos que van a traer cargas a futuro, como a rehabilitación da lonxa, e votase de menos unha planificación estratéxica, sobre todo nos investimentos e de como afrontar a medio prazo o Concello. Don Xurxo pregunta se o diñeiro dos eólicos está incorporado no orzamento e a interventora di que o busca e plánteas dúas emendas:

- Que se poña unha partida para pórle a cuberta ao parque infantil da escola de Camelle.
- Que se preparen instalacións deportivas pequenas en Camelle, na Ponte, en Camariñas, para que podan xogar os nenos nas prazas.

Di que se votan as emendas a favor votará a favor do orzamento e se votan en contra que se absterá.

A interventora pide a palabra e di que os ingresos de eólicos están no capítulo 3 de taxas e outros ingresos na 399, outros ingresos e aproveitamentos urbanísticos e con respecto a aceptación das emendas, se supón unha variación habería que volver a calcular.

Don Sergio toma a palabra e di que ao marxe de que as propostas sexan interesantes ou non, se metemos eses gastos, habería que reducir o gasto noutro lado e modificar o anexo de inversións.

Don Xurxo di que efectivamente habería que modificalo e que ten un orzamento para a

24 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

cuberta da escola infantil de 30.000 euros, a Alcaldesa di que lle parece pouco.

Dona Sandra di que non entende que dona Paula fala de ilusión nun día como hoxe, no que lle van a dar axudas as mariscadoras de toda Galicia excepto as de Camariñas e por outra parte os investimentos deste ano duplican aos do ano pasado, 720.000 euros, e non hai moito mais que dicir, é un orzamento de 6.600.000 euros no que 2.700.000 son gastos de persoal, e respecto da Mostra considera que aínda hoxe moitas familias de Camariñas tiveron algún ingreso grazas ao encaixe e di que o Concello non ten competencia para reactivar a economía.

Dona Paula di que o Concello vai facer un esforzo polo museo dos naufraxios, que nesta primeira fase so vai xerar gastos e se é sostible, dona Sandra di que o Museo vai revitalizar o turismo, e que o edificio esta abandonado por Portos de Galicia.

Dona Sandra e dona Paula inician un debate sobre a viabilidade de proxectos como Aldea Madeira e o criadeiro de ameixas.

Don Xurxo toma a palabra para dicir que o que tiña que facer Portos de Galicia era executar o plan especial que está no PXOM e recuperar a lonxa e o criadeiro de bivalvos. A Alcaldesa di que así tamén firmada ela e que o obxectivo do equipo de goberno era arranxar a lonxa, que o uso como museo non era o que eles querían.

Don Sergio toma a palabra para dicir que o criadeiro fíxose sendo presidente Touriño e péchase sendo presidente Feijóo e Aldea Madeira non houbo escola taller de fontaneira, o que houbo foi unha licitación que se fixo con Bautista e se termino executando con Pichurri dunha das casas de atrás e dona Paula di que ela non dixo eso, senón que empresas do pobo fixeron alí traballos de fontanaría.

A Alcaldesa e dona Paula falan sobre o coste do criadeiro.

Non habendo mais debate, procédese á votación das emendas co seguinte resultado:

Votación

Votos a favor: 4

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 8

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

25 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

Abstencións: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Non prosperando as mocións, procédese á votación do proxecto de orzamento presentado polo equipo de goberno co seguinte resulta:

Votación

Votos a favor: 8

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 3

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 1

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta.

Estado: Aprobada.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.

Non se presentan mocións de urxencia.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBIERNO

5º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA DENDE O NÚMERO 78/2026, DE DATA 27 DE XANEIRO AO DECRETO 298/2026, DO 23 DE MARZO.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

6º.- DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2025.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

A Alcaldesa advirte que a Secretaria incide en que se respecten os turnos de palabra.

Dona Paula formula os seguintes ROGOS.

- Que se arranxe o derrubamento na calle de Santa Mariña. A Alcaldesa di que acabe de adxudicarse e Cernadas Valiña a obra de Santa Mariña e xa lle dirá que arranxe aí.
- Que se mellore o estado das calles da Atalaia en Camariñas.
- Que se arranxes as barandillas da canle que faltan por tramos.

Don Xurxo formula o seguinte ROGO.

- Que no polideportivo de Camelle se faga unha zanja ao redor do perímetro porque apoza moita auga.

Dona Paula formula as seguintes PREGUNTAS.

- Por que se esta acumulando escombros e terra enriba do campo da festa de San Jorge?
A Alcaldesa di que entende que o construtor que acopia alí para levar a SIAVI.

- Que se vai a arranxar na Cámara Agracia cos 18.000 euros do orzamento? Dona Sandra contesta que vaise cambiar o tellado, ventanas, baños e solo, pero o primeiro o tellado e pouco a pouco.

- Respecto do cruceiro de Xaviña hai queixas por quedar peonil e ser perigosa a saída, e pregunta se segue adiante o proxecto orixinal. A Alcaldesa contesta que aínda non veu a subvención, e don Sergio di que non hai moita alternativa porque Patrimonio obriga a deixar 50 centímetros dende a base do cruceiro.

- Vaise anchar o paso que une a Rúa do Bico coa Rúa Churruca e coa Praza do Curro?
A Alcaldesa di que se fixo un proxecto e se pediu a Unión Fenosa que mova dúas torres que hai alí e aínda non contestaron e cando o fagan se reunirá cos afectados e fará o que decida a maioría. Dona Encarna toma a palabra para dicir que seguirá sendo unha corredeira que so se

27 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

anchea un metro para que poda pasar unha ambulancia.

Don Xurxo formula as seguintes PREGUNTAS.

- Cando tedes pensado sacar o Regulamento de auto caravanas? Dona Sandra contesta que este luns tivo asemblea na CMAT e están redactando unha para antes do verán e don Xurxo di que de cara ao verán é importante tela e comentan as medidas que se poderían adoptar. Don Xurxo di que el fala de regular este tipo de turismo e no caso de que non cumpran que se sancione.

- Respecto da depuradora, hai un camiño sen rematar, cando tedes previsto rematar? Dona Sandra pregunta se di en Portocelo e don Xurxo contesta que si, ela di que xa está rematado.

- A limpeza do pozo do cura en Camelle, cando se vai facer? Dona Begoña di que xa faláron con Tina para que de un aviso a todos os mariñeiros e que quiten as lanchas.

- A cuberta do Museo de Man hai novidades? A Alcaldesa di que si, que hai un orzamento grande, e que se vai optar pola vía do medio e lle di que se quere lle manda o orzamento.

- En canto a estrada de deputación, anunciouse que ían empezar as obras nun prazo de 4 meses y aínda non comezaron. A Alcaldesa di que lle chamou Mónica a semana pasada que ían empezar xa.

- Na mesma estrada tedes previsto, para a rúa principal facer algo coas beirarrúas que cada día están peor. Dona Sandra di que se falou con Valentín que o fixeran e logo o cederán para despois que a manteña o Concello.

- O estado de expediente de reposición da horta do cura? Dona Sandra di que a propia a igrexa está mandando cartas e o expediente esta completo. Don Xurxo di que se eles non tiran haberá que facer algo.

Dona Paula di que cando se pasen os orzamentos da cuberta a Xurxo que tamén se llos pase a ela.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldesa levántase a sesión, senda as 20:57 horas de todo o cal, levántase acta por min, que como secretaria da sesión, dou fe e certificado.

28 / 29



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000003

Asinado dixitalmente, na data que figura ao marxe, pola Secretaria do Concello, dona Eva Jardón López, co visto e praxe da Alcaldesa, dona Sandra Insua Rial.